



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de agosto de 2021 (1168/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta minutos do día trinta de agosto de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso,.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(770).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(771).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA E AUDIOVISUAL PARA A ACTUACIÓN DO GRUPO “AMARAL” DENTRO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2021”. EXPTE. 8902/335.

Visto o informe xurídico do 27/08/21 e o informe de fiscalización do 30/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 27/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Con data 27 de Agosto de 2021 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadana e Festas , ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para **CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA E AUDIOVISUAL DOS ESPECTÁCULOS PARA A ACTUACIÓN PRIVADA de “AMARAL”**, dentro do Programa “Vigo en Festas” 2021, mediante tramitación **ordinaria**. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), é de data 30 de xullo de 2021
- Memoria económica, de data 27 de Agosto de 2021
- Documento económico, de data 27 de agosto de 2021
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 27 de agosto de 2021
- Memoria xustificativa, de data 27 de agosto de 2021, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP. Polo que se refire aos custos laborais de produción, tomouse como base fundamentalmente o Convenio colectivo de eventos, servizos e producións culturais de Galicia, táboa salarial exercicio 2021. O orzamento base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación de produción técnica de espectáculos, os gastos xerais e o beneficio industrial. Na estimación dos custos inclúense tamén os gastos derivados das obrigas de cotización a Seguridade Social por conta da empresa. Para o cálculo dos prezos unitarios, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato, o servizo de Fes-



Concello de Vigo

tas realizou con data 30 de Xuño de 2021 a contratación de “Asistencia Técnica para o asesoramento da produción técnica dos espectáculos programados polo Servizo de Festas dentro do programa “Vigo en Festas” 2021” (expediente 8793/335).

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 27 de agosto de 2021
- Prego de cláusulas administrativas do 27 de agosto de 2021

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, **proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto simplificado previsto no art. 159.6 da LCSP e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de **produción técnica e audiovisual para a actuación do grupo “Amaral” na parcela do aparcamento próximo ás pistas polideportivas de Samil o 25 de Setembro de 2021.**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 27 de agosto de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 27 de agosto de 2021 pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **72.368,26 euros**, e sendo o valor estimado do contrato de **59.808,48 euros** con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo).

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(772).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARRERA DE DOCE BOMBEIROS CON CARGO A PRAZAS DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO 2017-18-19. EXPTE. 38268/220.

Visto o informe de fiscalización do 30/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 27/08/21, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En acta de data de sinatura electrónica 26.08.2021 (expediente nº 38.118/220) consta a proposta formulada pola Comisión de Valoración do curso obrigatorio de carácter teórico-práctico realizado polos funcionarios en prácticas con categoría de bombeiros que superaron os procesos selectivos convocados para a execución das Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019 (1ª fase).

Na mesma se sinala que os doce aspirantes nomeados como funcionarios en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local do 16.07.2021 con cargo a doce prazas vacantes de bombeiro “completaron satisfactoriamente, sen ningunha incidencia relevante, o programa teórico práctico do curso acordado e, por tanto, superaron o curso selectivo de formación teórico-práctica esixido”.

2.- En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente procedeuse a ordear a incoación de expediente administrativo ao efecto, nos termos que procedan consonte ao establecido no marco normativo referencial de aplicación, á vista do cal, e ao abeiro do establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, procédese á emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”



Concello de Vigo

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”*, establecendo que *“en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Esta-*

do y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

a) Superación del proceso selectivo.

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento.

IV. - Proposta de gasto.

Efectuase unha remisión expresa ao contido dos informes técnicos e de fiscalización previa e preceptiva emitidas aos expedientes electrónicos da convocatoria e bases rectoras das Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019 (1ª fase da convocatoria) así como ao informe de fiscalización emitido ao expediente de nomeamento como funcionarios en prácticas (37.854/220) sen prexuízo do cal solícítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización, debendo indicarse que as prazas obxecto de provisión definitiva con funcionarios de carreira atópanse dotadas orzamentariamente nos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2021.



Concello de Vigo

V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva.

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VI. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Nomear como funcionarios de carreira con cargo a 12 prazas vacantes de bombeiro incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019 (1ª fase da convocatoria) aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local en acordo de 16.07.2021 (expediente nº 37.854/220) ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-práctico previsto nas bases da convocatoria, e que son os seguintes:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	Seijo Castro	D.	***7857**
2	Ferro Lea	D.	***5732**
3	González Davila	I.	***6533**
4	López Roselló	J.	***8268**
5	Álvarez Moreira	J.	***6125**
6	Alonso Canteli	G.	***0761**
7	López Núñez	M.	***9447**
8	Pérez Correa	A.	***9080**
9	Martínez García	B.	***8624**
10	Delgado Franco	P.	***7854**
11	González García	D.	***7427**
12	Rodríguez Freitas	A.	***7308**

SEGUNDO.- *Dispoñer que os aspirantes nomeados deberán tomar posesión como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes contado a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais rectoras da convocatoria das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019 (1ª fase da convocatoria).*

TERCEIRO.- *Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa e Seguridade, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, Servizo de Prevención de Riscos Laborais e ao Comité de Persoal, para coñecemento e efectos.*

CUARTO.- *Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(773).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE CATRO CONDUTORES-BOMBEIROS CON CARGO A PRAZAS DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO 2017-18-19. EXPTE. 38267/220.

Visto o informe de fiscalización do 30/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 27/08/21, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES

1.- En acta de data de sinatura electrónica 27.08.2021 (expediente nº 38.117/220) consta a proposta formulada pola Comisión de Valoración do curso obrigatorio de carácter teórico-práctico realizado polos funcionarios en prácticas con categoría de condutores-bombeiros que superaron os procesos selectivos convocados para a execución das Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019 (1ª fase).

Na mesma se sinala que os catro aspirantes nomeados como funcionarios en prácticas por acordo da Xunta de Goberno Local do 16.07.2021 con cargo a catro prazas vacantes de condutor bombeiro “completaron satisfactoriamente, sen ningunha incidencia relevante, o programa teórico-práctico do curso acordado e, por tanto, superaron o curso selectivo de formación teórico-práctica esixido”.

2.- En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente procedeuse a ordear a incoación de expediente administrativo ao efecto, nos termos que procedan consonte ao establecido no marco normativo referencial de aplicación, á vista do cal, e ao abeiro do establecido no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do ROF, procédese á emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente"*, establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

"1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) *Superación del proceso selectivo.*



Concello de Vigo

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se derivan da singular condición do servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento.

IV. - Proposta de gasto.

Efectuase unha remisión expresa ao contido dos informes técnicos e de fiscalización previa e preceptiva emitidas aos expedientes electrónicos da convocatoria e bases rectoras das Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019 (1ª fase da convocatoria) así como ao informe de fiscalización emitido ao expediente de nomeamento como funcionarios en prácticas (37.842/220) sen prexuízo do cal solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización, debendo indicarse que as prazas obxecto de provisión definitiva con funcionarios de carreira atópanse dotadas orzamentariamente nos vixentes Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2021.

V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva.

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de dere-

chos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VI. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Nomear como funcionarios de carreira con cargo a 4 prazas vacantes de conductor-bombeiro incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019 (1ª fase da convocatoria) aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local en acordo de 16.07.2021 (expediente nº 37.842/220) ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria, e que son os seguintes:

1	FIGUEIRIDO PEIXOTO	R.	****8722**
2	MARTÍNEZ VILA	O.	****9773**
3	ÁLVAREZ ESTÉVEZ	A.	****7835**
4	PÉREZ LORENZO	D.	****4531**

SEGUNDO.- Dispoñer que os aspirantes nomeados deberán tomar posesión como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes contado a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais rectoras da convocatoria das prazas incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2017-2018-2019 (1ª fase da convocatoria).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa e Se-



Concello de Vigo

guridade, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios e Salvamento, Servizo de Prevención de Riscos Laborais e ao Comité de Persoal, para coñecemento e efectos.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(774).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 29/441.

Visto o informe xurídico e de fiscalización, ambos do 27/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 27/08/21, asinado pola enxeñeira industrial e responsable do contrato e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 24/05/2019, na súa calidade de órgano de contratación, acordou adxudicar a THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. (C.I.F. B46001897) o contrato do **SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ELEMENTOS MECÁNICOS AO INTEMPERIE DO CONCELLO DE VIGO (29-441)** por procedemento aberto e por un prezo total de **CENTO CINCUENTA E CINCO MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (155.360,66 €)** sendo a cota correspondente ao IVE de 26.963,42 €, cunha porcentaxe de desconto de 27,1 % a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 16/07/2019, consta na Cláusula Cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 01/09/2019.

3.- Con data 08/09/2020 procédese á modificación do “Contrato de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie” co obxecto de incluír o mantemento integral do novo ascensor entre a rúa San Salvador e Praza Isabel a Católica, valórandose a modificación, con cargo a aplicación orzamentaria 1532.227.99.00, en :

- Ano 2.020.-período comprendido entre o 1 de xuño de 2.020 e 31 de decembro de 2.020: 3.087,32 euros, IVE engadido, (441,05 €/mes).

- Ano 2.021- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.021 e 31 de agosto de 2.021: 3.528,36 euros, IVE engadido, (441,05 €/mes).

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- Iniciado o expediente de contratación con posterioridade a entrada en vigor da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP) e adxudicado o contrato con posterioridade á entrada en vigor desta Lei e, daquela, conforme a esta, o contrato rexeranse pola Lei 9/2017 LCSP, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Cuarto.- Considérase conveniente polos técnicos que subscriben, a proposición de prórroga do contrato do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo por un período dun ano toda vez que o funcionamento do servizo durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Consta no expediente escrito presentado pola adxudicataria do contrato, no Rexistro Xeral do Concello, o día 23 de agosto de 2021, no que manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato proposta



Concello de Vigo

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 01/09/2021 ao 31/08/2022, sendo que o prezo anual ascende a un total de **OITENTA E DOUS MIL NOVECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (82.972,93 €)**, sendo a cota correspondente ao IVE de CATORCE E MIL CATROCENTOS EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (14.400,26 €).

O importe anual da prórroga resulta da suma:

Importe anual contrato inicial: 77.680,33 €

Importe anual modificación do contrato: 441,05 €/mes x 12 meses = 5.292,60 €

Sétimo.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ASCENSORES EN VÍAS", segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 01/09/2021 e o 31/12/2021: **27.657,64 €**
- **Ano 2022:** período comprendido entre o 01/01/2022 e o 31/08/2022: **55.315,29 €**

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441), formalizado coa entidade mercantil THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. polo período comprendido desde o 01/09/2021 ata o 31/08/2022.

Segundo.- Autorizar o gasto estimado do contrato do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) a favor da entidade mercantil THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. (C.I.F. B46001897) por importe de OITENTA E DOUS MIL NOVECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (82.972,93 €) ive engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de CATORCE E MIL CATROCENTOS EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (14.400,26 €); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ASCENSORES EN VÍAS", segundo a seguinte distribución anual:

- **Ano 2021:** período comprendido entre o 01/09/2021 e o 31/12/2021: **27.657,64 €**

- **Ano 2022:** período comprendido entre o 01/01/2022 e o 31/08/2022: **55.315,29 €**

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME..

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez